



Hormonas na puberdade



A puberdade é a primeira fase da adolescencia e da xuventude., Normalmente iníciase entre os 12 e 13 anos nas nenas, e entre os 13 e 14 nos nenos, e finaliza entre os 15 e 17 anos en ámbolos dous casos.

O crecemento acelérase na primeira metade da puberdade a alcanza o seu desenvolvemento ó final.

Durante a puberdade comézase a notar diferenzas máis grandes en canto a tamaño, forma, composición e desenvolvemento funcional en moitas estruturas e sistemas do corpo entre rapaces e rapazas. As máis obvias son as características sexuais secundarias.

Neste período as hormonas funcionan a toda velocidade, o que fai ás veces que o comportamento dos adolescentes sexa distinto.

Tipos de hormonas:

- A hormona folículo estimulante (FSH) é unha hormona de tipo gonadotropina. Esta hormona regula o desenvolvemento, o crecemento, a maduración puberal e os procesos reprodutivos do corpo. Durante a infancia mantense en rangos baixos, a súa elevación marca o inicio da puberdade. Estimula a produción de hormonas esteroides.
- A hormona luteinizante (LH) é unha hormona gonadotrópica que, igual que a FSH, é producida polo lóbulo anterior da hipófise. No home, é a proteína que regula a secreción de testosterona actuando sobre as células de Leydig, nos testículos. Na muller, controla a maduración dos folículos, ten un papel importante no proceso de ovulación.
- A proxesterona, é unha hormona esteroide. Está involucrada no ciclo menstrual feminino. A súa fonte principal é o ovario e a placenta. Actúa principalmente durante a segunda parte do ciclo menstrual parando os cambios madurativos, preparando así ao endometrio no útero, ao baixar os seus niveis o endometrio no útero, ao baixar os seus niveis o endometrio cae producindo a menstruación.
- Os estróxenos son hormonas sexuais esteroides, de tipo feminino principalmente, producidos polos ovarios e en menores cantidades polas glándulas adrenais. Estes inducen fenómenos de proliferación celular sobre os órganos. Tamén actúan en diversos grupos celulares do organismo, relacionados coa actitude sexual, situados no cerebro, con función endócrina e tamén neurotransmisora. Ao regular o ciclo menstrual os estróxenos afectan ó tracto reprodutivo urinario, ós vasos sanguíneos e ó corazón. Estes afectan tamén ao desenvolvemento dos caracteres sexuais secundarios, como o vello público e o axilar que comezan a crecer cando os niveis de estróxenos aumentan.
- A testosterona é unha hormona do grupo andróxeno. É producida principalmente nos testículos nos homes e nos ovarios nas mulleres, aínda que pequenas cantidades son secretadas polas glándulas suprarenais. É a principal hormona sexual masculina. Nos homes xoga un papel clave no desenvolvemento dos tecidos reprodutivos masculinos, como o testículo e a próstata, e tamén na promoción de caracteres sexuais secundarios, como o incremento de masa muscular e ósea, o crecemento do pelo corporal.
- A prolactina é unha hormona segregada pola parte anterior da hipófise, estimula a produción de leite nas glándulas mamarias logo do parto.
- Na glándula tiroide, situada no pescozo e en ambos lados da tráquea, prodúcense importantes hormonas. A tiroxina: actúa sobre o metabolismo e a regulación do crecemento e desenrolo en xeral. A calcitonina intervéñ na regulación do metabolismo de calcio na sangue e estimula o seu depósito nos ósos.

Sara Blanco e Carla Martínez

3ª

Cruso: 2011-2012



A perda da biodiversidade

Un exemplo de perda de biodiversidades son as abellas. As abellas constitúen unha gigantesca e sacrificada man de obra a nivel mundial, encargada de polinizar o 90% das plantas que sementamos, ademais as abellas aliméntanse do pole que producen varios tipos de plantas, presentan un sistema inmune máis forte que aquelas que se alimentan tan só dunha especie. As abellas necesitan ter un bo sistema inmune para esterilizar a comida para a súa colonia. A progresiva desaparición das abellas supón un grave problema.

Ángela e Marta. 3ºB



Se ben a perda de especies chama a nosa atención, a ameaza máis grave para a diversidade biolóxica é a fragmentación, degradación e a perda directa dos bosques, humedais, arrecifes de coral e outros ecosistemas. Todas estas cuestións son agudizadas polos cambios atmosféricos e climáticos que ocorren de maneira global e que afectan directamente aos hábitats e aos seres que os habitan. Todo iso desestabiliza os ecosistemas e debilita a súa capacidade para facer fronte aos mesmos desastres naturais.

Yara e Alberto. 3º B

Algunhas das causas habituais da perda de biodiversidade son os incendios, exceso de construción de infraestruturas (estradas, autopistas, redes de ferrocarril...), a introdución de plantas exóticas invasoras, a actividade do ser humano, o comercio de especies, a destrución do hábitat, a tala, contaminación, etc...

Anaís e Noelia 3ºB



Actualmente na Terra hai uns 350.000 primates entre gorilas, chimpancés, orangutáns e bonobos. A súa carne é moi apreciada no comercio africano. Os cazadores abátenos e venden logo a súa carne. A máis apreciada é a de orangután e de chimpancé. Ás veces téñenos pechados en lugares pouco habitables e son maltratados.

Marta e Daniel. 3º B



A perda de biodiversidade en Galicia: Impacto sobre a microfauna

1 - ¿ QUE É A BIODIVERSIDADE?

- É a cantidade de especies e de seres vivos distintos que habitan nunha zona determinada.

1.1 TIPOS DE BIODIVERSIDADE

- DIVERSIDADE XENÉTICA: É a variación dos xenes dentro dunha especie.
- DIVERSIDADE DE ESPECIES: É a variedade de especies existentes nunha rexión.
- DIVERSIDADE DE ECOSISTEMAS: É o conxunto de ecosistemas distintos.

2. IMPORTANCIA DA BIODIVERSIDADE.

- É o mellor xeito que ten a natureza para sobrevivir aos cambios medioambientais.
- Permite que siga habendo vida na Terra tras sufrir numerosas transformacións.
- Permite obter os materiais necesarios para a fabricación de medicinas.

3. CAUSAS DA SÚA PERDA

- O home acelerou o proceso de extinción de especies de varias maneiras. Non se trata dunha única cousa senón de moitos motivos actuando á vez.

3.1 INTRODUCCIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS

- A especie introducida reproducíase de forma esaxerada porque non encontra depredadores naturais que freen a súa expansión.

3.2 CAZA ILEGAL E SOBREPESCA

- Algúns animais encóntranse ameazados ou en perigo de extinción e a caza fai que cada vez sexa máis difícil a súa conservación.
- A pesca excesiva fai que cada vez haxa menos organismos. Menos peixes adultos implica que vai haber menos reprodución e polo tanto menos crías.

3.3 CONTAMINACIÓN

- A contaminación da auga, da atmosfera e do solo é outra das causas da extinción das especies.

3.4 MODIFICACIÓN DOS ECOSISTEMAS

- Se alteramos moito os ecosistemas é moi probable que os organismos que dependen deles morran. Ex: cambio climático.

3.5 A DEFORESTACIÓN

- A deforestación ameaza a vida vexetal e animal que hai nos bosques.

4. CONSECUENCIAS

- A extinción de especies é unha das consecuencias máis importantes da perda da biodiversidade.

5. POSIBLES SOLUCIÓNS

Intervencións para a conservación de especies:

- MÉTODOS *IN SITU*: pónense en práctica en lugares amplos. Ex: parques nacionais (Fragas do Eume)
- MÉTODOS *EX SITU*: lévanse a cabo fóra dos hábitats naturais. Ej: zoolóxicos, xardíns botánicos, acuarios, etc.
- BANCOS DE XERMOPLASMA: Lugares onde se almacenan as sementes das plantas ameazadas. Estas poden chegar a durar máis de 16.000 anos.


OS NOSOS TRABALLOS



CONCLUSIÓN

- A perda da biodiversidade é un tema fundamental que preocupa a todos os países, xa que o maior culpable da súa perda é o home.

Daniel Manuel Pereira Rial / Laura Collado Güeto 3º B ESO



X
O
G
A
I
N
A

Un universo na aula



O planetario

Os nenos e nenas de 5ºB fixemos un planetario na aula, todos participamos nel e foi moi divertido, gustounos moito.

Contina moitas cousas, e ademais, tiñamos ata Big-Bang!!!
Había constelacións, planetas ananos, estrelas, planetas, o sol...

Divertímonos moito, ademais tamén o disfrutaron nenos e nenas doutras cursos que o viñeron visitar.

Isabel Simil 5ºB





A alegría da horta

Este ano, os nenos e nenas de tres anos da clase infantil D traballamos coa nosa profe Maite nun gran proxecto chamado "A alegría da horta" no que aprendemos moitas, moitas cousas sobre as froitas, as verduras e as árbores e vivimos innumerables experiencias traballando coas nosas propias mans e observando, falando e reflexionando sobre o mundo que nos rodea. Aprendemos que traballar a terra e coidar dos animais non é tarefa doada.



E que despois do traballo chega a recompensa.



Probamos os sabores de moitas hortalizas e froitas.

OS NOSOS TRABALLOS



Traballamos as nosas dotes creativas con cada alimento que estudamos.



Aprendemos moitas letras gardando as verduras nos petos de Loreto.



Sáímos de excursión e puidemos aprender sobre o noso monte. Recollemos landras e plantamos un carballo que medrou cos nosos coidados.



Tamén plantamos aromáticas e flores.



OS NOSOS TRABALLOS



E, para contribuír ao coidado do medio ambiente, reciclamos aproveitando materiais usados e fixemos papel, macetas con vasos e calcetíns, carpetas con fotocopias, quebracabezas...



Tamén construímos un conta ratiños cunha táboa vella e noces.

Resolvemos a adiviña dos sete ratos cegos, coa que reflexionamos sobre as partes dun todo.



Fabricamos a árbore dos bechiños, que nos serve para aprender sobre os animais, pero tamén as características do texto escrito.



OS NOSOS TRABALLOS



Fomos cortando a árbore das follas bonitas para facerlle un cuarto a Amelia e decatarnos así de que os recursos naturais son esgotables.



Traballamos arreo construíndo a nosa propia plantación de árbores: un mural representa a paisaxe na que as árbores están a recibir a luz do sol. Nunha mesa colocamos caixas de cartón cheas de terra, da que nacen árbores confeccionadas con placas de "Wallmate". Nós creamos poemas que aboaron estas árbores e cada vez que insertamos un poemiña na terra... sorpresa! nacían novas froitas nas



Gustounos moitíííísimoooo o taller de comida saudable, no que elaboramos "piruletas" de sandía ás que chamamos "sandietas"



X
O
G
A
I
N
A

OS NOSOS TRABALLOS



Libros disfrazados



Para celebrar o Día do libro, as alumnas e alumnos de quinto B de primaria invitamos aos nosos libros favoritos a unha festa de entroido e fixémoslles uns bonitos disfraces. Seríades quen de adiviñar que libro se agocha baixo as nosas construcións?





O libro dos bicos



Queríamos celebrar o Día do libro pero non nos apetecía facer un conto porque xa traballáramos moito con contos na clase: lendo, escribindo e representando. Como pasa moitas veces en Infantil B, foi Casimiro, o noso rato, o que nos deu a idea a través do seu blog de facer o libro dos bicos, e a nós pareceunos xenial, así que coa axuda de Ana empezamos a traballar. O primeiro que fixemos foi pensar quen dá bicos e por que se dan bicos. Tamén falamos que para dar bicos é necesario que as dúas persoas queiran e que nunca, nunca, se deben dar bicos á forza.



Falamos de que hai persoas que necesitan moito os bicos, dalos e que llos dean, pero outras que non o necesitan tanto.



Cada un de nós falou das persoas ás que damos ou nos daban bicos e de cando nolos daban. Así, chegamos á conclusión de que os bicos están relacionados co que sentimos. Damos bicos cando estamos emocionados!!!



E xa que estabamos, decidimos inventar todo tipo de bicos e pintar os beizos para deixalos marcados nun papel. Fixemos debuxos e fotos e construímos un libro que compartimos coas nosas familias. Aquí, na revista, podedes ver o ben que sabemos pintar os beizos e tamén os debuxos que fixemos. A que molan?



OS NOSOS TRABALLOS



X
O
G
A
I
N
A

Bicos para os e as artistas de Infantil B!

OS NÓSOS TRABALLOS



Pip the pirate

The girls and boys of the first grade of Primary Education want to show you aspects about the book: "Pip the Pirate" (drawings, body language and plasticine creations).

Who is Pip the Pirate? He is Pip the Pirate.



Who is his best friend? She is a monkey.



Where do they go? They go to an island.

What do they need? They need spyglasses.



They need a boat




X
O
G
A
I
N
A

OS NÓSOS TRABALLOS



What can they see in the island? They can see palm trees.



But.... What do they find on the beach?. Choose the correct option:



a) Sponge Bob



b) A treasure

X
O
G
A
I
N
A